



A silente quietude da pedra

Tono Arias (fotografías)

tono@tonoarias.com

tonoariasimages@gmail.com

Juan L. Blanco Valdés (texto)

juanblv82@gmail.com

Resumo. Fiel ao encargo que recibira do director desta revista: efectuar unha brevíssima e espontánea reportaxe fotográfica conforme ao lema “o bestiario pétreo do teu más inmediato entorno”, o fotógrafo radicado na estradense parroquia de Berres Tono Arias ofrecenos doce interesantes rexistros da súa cámara. Absides de igrexas románicas, venerables pedras dos cruceiros e pazos, labras heráldicas; monumentos que gardan a memoria dos devanceiros, animais que, na súa silente quietude, evocan o espírito dos tempos idos cunha fala simbólica e secreta que as fotos de Tono Arias pre-tende desvelar.

Abstract. Being faithful to the magazine's editor assignment which entailed doing a very brief and spontaneous photographic feature about 'the stone costumes in your closest environment', the photograher Tono Arias, from Berres, offers us twelve interesting shots from his camera. Romanesque church apses, venerable stones from crossings and ancestral homes, heraldic carvings, monuments which preserve the ancestors memory, animals that, silently quiet, recall the spirit of past times with a symbolic and secret speech which is intended to be revealed in Tono Arias photos.

Fagamos etimoloxía. A pega e o año e os seus devanceiros latinos *pica* et *agnus* fálannos dun idioma a –nosa lingua galega– culto e apegado ao costume dos romanos conquistadores. Imaxe etérea e elegante do fermoso córvido feito un coa pedra do sagrado año, o *agnus Dei*, aquel que tira o pecado do mundo, tan caro aos vellos mestres románicos, tan pródigo en humildes malia sublimes igrexas rurais.



A silente quietude da pedra



Mixtificación. A face fera do león transfigurada en ollos demasiado humanos, o peito nunha coiraza poderosa, unha sorte de melena vexetal circundada dunha granítica voluta. Ronseis dun involuntario surrealismo.

Aberración onírica, un ser de pesadelo con cabeza canina, ollos inyectados de maldade, a boca mesta de colmillos como arestas. O lique semella ter participado conscientemente na terrible estética da criatura.



O fauno feo, o deforme silvano, o sátiro
cabrún do bosque, íncola do mundo
húmedo e vexetal do mato escuro.
Pedra animada que dá medo, un bicho
horrible que cuspe insolente a súa
fealdade e lascivia a quen ousa miralo.



Al timbre corona ducal, dando palio a
unha complexa tramoia, circundada de
ambiguos dragóns alados que non se
sabe se gardan ou queren devorar as
armas da familia. Simetría de terribles
ofidios, de pel esvaradía, enchoupados
de ensoñacións apocalípticas.



Historia inscrita en pedra? Pedra inscrita en historia? A heráldica dita o correcto significado de cada símbolo pero a emoción evoca tempos de fidalguía outonal e valleinclanesca, as armas de xerifaltes de antano.

Genius loci, romanticismo de imaxinar o vello maçon que no século XII labrou o duro granito para perpetuar un rostro grotesco, as poutas grosas da alimaña, un corpo lanzal que se prepara para o salto. Nin o tempo, tanto tempo, é quen de desfacer o seu labor de ourive.



Cervantes, topónimo do país e antropónimo universal, reflicte na súa galeguidade a riqueza antiga de cervos polas nosas selvas e bosques. Neste canecillo o noso canteiro, medieval servo da gleba, esmerouse en testemuñar a maxestosa cornamenta do macho.



Ollos delicadamente ovalados, orellas redondeadas, un rictus amable no fociño... suaves atributos da femia. *Se non e vero é ben trovato.*



Inxenua iconografía do anónimo canteiro que hai oitocentos anos poñía en pedra o mundo que o arrodeaba, un mundo hostil no que o animal reafirmaba o senso e dimensión do ser humano.

Parente indómito do porco familiar e afecutoso, tan integrado na profunda antropoloxía galega o porco bravo represéntase con toda a súa fereza de colmillos. Semella sentirse ecoar os seus berros no mato.





O lobo en pedra. Cinco testas luparias coa lingua de fóra e a cabeza segada por man valerosa. Heráldica dun país escuro, bravo e atlántico, dunha Broceliande céltica onde as alimañas ennobreçense e fan parte do sangue dos clans.